



Acta do TRIBUNAL DO BASES PROCESO SELECTIVO DUN AXENTE DE POLICIA LOCAL(1
VACANTE CORRESPONDENTE A OFERTA DE EMPREGO PUBLICO DO 2018)

O 16 de novembro de 2018 as 10:00 horas reúnese ó tribunal cualificador na Casa Consistorial.

Asisten, como presidente don José María Baños Campo, como vogais, Don Jesús Piñeiro Santos e don José Manuel Río Espiño e don Miguel Martínez Díaz e como Secretaria dona Elisa Martínez Arias.

Primeiro.- Dáse conta ó tribunal do escrito remitido pola aspirante dona Ana Lusquiños Gonzalez, que esta presentou o 12/11/2018 ó amparo do disposto no artigo 16.4 da lei 39/2015 no rexistro da deputación de Pontevedra e adelantou copia vía email á secretaria do tribunal. En dito escrito dita aspirante subsana a causa de exclusión pola que foi excluída provisionalmente, aportando certificado médico vixente. Así mesmo solicita se teña pro presentada en prazo a súa subsanación posto que na lista de admitidos non foi publicada no BOP de Lugo como esixe o artigo 11 do decreto 243/2008.

A continuación o tribunal comproba que o artigo alegado pola aspirante efectivamente esixe a publicación da lista provisional de admitidos e excluídos non so no lugar designado polas bases da convocatoria senón tamén non BOP correspondente.

Polo que acorda proceder a inserir o anuncio correspondente no BOP de Lugo, co seguinte texto:

“Por resolución da alcaldía de data 16 de outubro do 2018 aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos no proceso selectivo dunha praza de axente de policial local (OEP 2018), dita resolución foi publicada na mesma data no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal www.monfortedelemos.es.

Advertido que o artigo 11 do decreto 243/2008 de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais esixe publicala tamén no BOP correspondente, procedese a inserir o presente anuncio, indicando ós aspirantes que o listado de admitidos e excluídos provisionalmente se atopa dispoñible na paxina web municipal www.monfortedelemos.es, concedendo un novo prazo para subsanación de erros e presentación de nova documentación de 10 días hábiles a contar dende o seguinte a publicación deste anuncio no BOP.

Aclarando que aqueles aspirantes que xa presentaron as súas subsanacións non terán que volver a facelo pois estas conservaranse conforme ó principio de conservación dos actos e de economía administrativa.”

Non habendo mais asuntos que tratar , sendo as 11:00 o señor Presidente levanta a sesión do que como Secretaria dou fe.

PRESIDENTE

VOGAIS

SECRETARIA